

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 17 DE OUTUBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.
- Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada PO-334, desde a C-550 á Praia América, a prol do Concello de Nigrán.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Ourol, situado no concello de Ourol (Lugo) e promovido pola sociedade Enebro Ourol, S.L.U. (LU-11/145-EOL).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia para o cofinanciamento do subprograma Juan de la Cierva, por un importe total de cincuenta e seis mil euros (56.000,00 euros).



INFORMES

- Informe sobre a campaña da gripe 2013/2014.



OS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2015 AFONDAN NA RECUPERACIÓN ECONÓMICA E MEDRAN POR PRIMEIRA VEZ DENDE ANTES DA CRISE

- ***As contas para o vindeiro exercicio sitúanse en 8.436 millóns de euros, cun incremento do 0,5% respecto a 2014***
- ***O Goberno galego prevé en 2015 un crecemento da economía galega do 2% e a taxa de paro reducirase en 1,6 puntos***
- ***A Xunta terá máis capacidade de gasto e destinará máis a investimento e menos a débeda, un capítulo que diminúe por vez primeira en dez anos***
- ***Tamén aumentan a partida destinada á dependencia, á Risga e os fondos destinados ao emprego xuvenil para combater o paro***
- ***Incrementáanse os fondos para fomentar a internacionalización e a I+D+i***
- ***Mantense o esforzo de financiamento da Administración local e das universidades***
- ***En materia fiscal, Galicia será en 2015 a Comunidade autónoma coas maiores deducións por natalidade, e os transportistas terán unha exención do 100% do tramo autonómico do Imposto sobre hidrocarburos***
- ***A Comunidade galega impulsará un novo canon mineiro, axilizará a tramitación dos plans urbanísticos e eximirá do canon da auga os consumos causados por fugas***
- ***As contas aprobadas hoxe polo Executivo galego garanten de novo a redución do déficit e o cumprimento do obxectivo de estabilidade para 2015, fixado no 0,7%***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade autónoma para o 2015, unhas contas que afondan na recuperación económica e que medran por primeira vez dende antes da crise. O gasto non financeiro sitúase en 8.436 millóns de euros, cun leve incremento do 0,5% respecto ao presente exercicio. O Goberno galego tamén aprobou o proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.

Segundo detallou a conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, Galicia pechará este ano con taxas positivas de crecemento por primeira vez nos últimos catro anos –o PIB avanzará un 0,9%–, mentres que no 2015 afondarase nese crecemento da economía galega cunha taxa máis elevada, do 2%. Ademais, isto traducirase nunha diminución da taxa de desemprego de 1,6 puntos, ata situarse no 20,1%. Galicia rexistrará por primeira vez superávit na balanza por conta corrente.

A Xunta disporá en 2015 de máis capacidade de gasto e destinará máis recursos a investimento e menos a débeda. Así, a Administración autonómica diminuírá o vindeiro ano o capítulo de gasto financeiro en preto dun 5%, sendo a primeira vez desde hai dez anos que baixa o gasto en xuros. A redución da dependencia da débeda permitirá destinar máis fondos a outras partidas orzamentarias.

De feito, as contas da Administración autonómica para o vindeiro ano volven reforzar o gasto social do mesmo xeito que en exercicios anteriores, con case oito de cada dez



euros. Ademais, os Orzamentos da Xunta tamén buscan loitar contra o desemprego, a través dun incremento do fondos para o emprego e especialmente para o fomento do emprego xuvenil, unha das principais prioridades do Executivo autonómico.

A Xunta disporá en 2015 de 60,6 millóns de euros máis de gasto dispoñible, e isto permitirá –por exemplo- incrementar en máis de 20 millóns de euros a partida destinada á atención da dependencia, ou os fondos para a Renda de Inserción Social (Risga), que aumentan en 18 millóns de euros.

Investimentos e internacionalización

A titular de Facenda detallou que os Orzamentos da Xunta para 2015 inciden na reactivación económica e impulsan os investimentos para garantir proxectos estratéxicos. Para impulsar esta reactivación refórzase a partida destinada á internacionalización das empresas galegas, outra das prioridades do Executivo galego, así como os fondos para fomentar a innovación e o desenvolvemento do tecido empresarial. Así, o investimento no Plan galego de I+D recibirá un 11,7% máis, e os recursos para investigación universitaria medran máis dun 4%.

Estas contas tamén garanten a redución nun 30% do déficit público, en 160 millóns de euros, conforme ao pactado no Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF), que fixou no 0,7% o obxectivo de estabilidade orzamentaria para 2015. Galicia é a terceira comunidade que rexistra menos déficit público dende 2009, e este control ten o seu reflexo no endebedamento público, que tamén segue controlado. De feito, Galicia é tamén a segunda comunidade onde menos medrou a ratio de débeda/PIB dende o inicio da crise.

Medidas tributarias

En materia tributaria, a Xunta de Galicia introduce novas rebaixas selectivas de impostos co obxectivo de fomentar a natalidade, favorecer o investimento en I+D+i, incentivar a utilización de enerxías limpas e impulsar a competitividade no sector do transporte profesional.

Para isto, Galicia será en 2015 a Comunidade autónoma que aplique as maiores deducións fiscais no IRPF para o fomento da natalidade. En concreto, as deducións chegarán a 1.200 euros durante tres anos para os contribuíntes a partir do segundo fillo, e de 2.400 euros a partir do terceiro fillo e seguintes.

Competitividade do transporte

Os Orzamentos da Xunta para 2015 establecen tamén a exención total do tramo autonómico do Imposto de hidrocarburos para os transportistas profesionais. Así, o sector do transporte accederá á devolución completa deste importe, de xeito que os



transportistas terán as mellores condicións fiscais dende o ano 2004 e gañarán en competitividade.

No eido fiscal, as contas da Xunta tamén establecen unha dedución do 25% dos donativos para I+D+i a centros de investigación galegos e os promovidos ou participados pola Xunta, e unha dedución por investimento en instalacións de climatización ou auga quente sanitaria que utilicen enerxías renovables en vivenda habitual.

Canon mineiro

Estas novidades no eido tributario están incluídas na Lei de medidas fiscais e administrativas, cuxo anteproxecto tamén foi aprobado no Consello da Xunta. Este texto inclúe un novo Imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM), que gravará a alteración da superficie e o almacenamento de residuos dos minerais metálicos e metais preciosos. Este imposto non afectará as explotacións tradicionais de Galicia, como as de lousa, o granito ou os áridos.

Ademais, a lei tamén establece modificacións normativas para reducir os prazos dos informes sectoriais en materia urbanística de 18 a 3 meses, e para non aplicar o canon da auga sobre consumos involuntarios derivados de avarías na rede interna.

Esfuerzo en Administración local e universidades

O Goberno autonómico tamén manterá en 2015 o esforzo no financiamento da Administración local. Os concellos galegos manterán o vindeiro ano un financiamento de 113 millóns de euros, polo que acumulan un financiamento adicional de 21 millóns de euros desde o inicio da actual lexislatura.

En canto ás universidades, tamén se mantén o esforzo de financiamento das institucións académicas que se veu facendo nos últimos seis orzamentos. A Xunta destinará o vindeiro ano 374 millóns de euros a este capítulo e isto supón un incremento de 36,7 millóns de euros respecto a 2009, pese a que o gasto total da Administración galega se reduciu en máis de 2.000 millóns de euros respecto a ese exercicio.

Logo da súa aprobación hoxe no Consello da Xunta, o proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade autónoma para o 2015 será remitido á Cámara galega para a súa tramitación parlamentaria, ao igual que o proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.



A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE NIGRÁN A RÚA RANS E PARTE DA AVENIDA DA PRAIA AMÉRICA

- ***Trátase dun tramo de 1,45 km de lonxitude que se inicia na PO-552 (C-550), en Rans, inclúe a denominada rúa Rans e parte da avenida da Praia América, e finaliza na estrada Vigo-A Ramallosa (PO-325), na zona da Foz***
- ***A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***Corresponderanlle ao Concello de Nigrán, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do vial***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa sesión de hoxe o decreto polo que se se autoriza o cambio de titularidade da estrada PO-334, un antigo ramal desde a estrada Vigo-Tui (PO-552) ata A Praia América, a prol do concello de Nigrán.

Trátase dun tramo de 1,45 km de lonxitude que se inicia na PO-552 (anteriormente denominada C-550), en Rans, inclúe a denominada rúa Rans e parte da avenida da Praia América, e finaliza na estrada Vigo-A Ramallosa (PO-325), na zona da Foz. O treito ten características de vía urbana e funcionalidade local, e existe alternativa viaria e continuidade de itinerario polas estradas autonómicas PO-552 e PO-325.

Cómpre lembrar que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais. A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións afectadas.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*, mediante a sinatura da correspondente acta. Corresponderanlle ao Concello de Nigrán, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

No seguinte plano amósase o treito obxecto do cambio de titularidade.



A XUNTA AUTORIZA O DÉCIMO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO CUN INVESTIMENTO DE 32,5 MILLÓNS NO CONCELLO LUGUÉS DE OUROL

- ***O eólico de Oourol contará con oito aeroxeradores que suman 24 MW e producirán máis de 92.200 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de 21.000 fogares galegos***
- ***A infraestrutura disporá de capacidade para superar as 3.800 horas equivalentes de vento anuais, un 52% máis que a media nacional***
- ***Con este parque, o concurso eólico suma 242 MW autorizados no que vai de ano cun investimento de máis de 337 millóns***
- ***A través dos plans industriais asociados, as empresas adxudicatarias do concurso eólico levan mobilizado 850 millóns e xeraron 1.800 empregos directos, máis da metade dos comprometidos ata o 2020***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo parque do concurso galego, o eólico de Oourol, situado neste concello lugués. A infraestrutura, que recolle un investimento de preto de 32,5 millóns, estará composta por oito aeroxeradores que, cunha potencia total de 24 MW, producirán máis de 92.200 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de máis de 21.000 fogares galegos.

A aprobación desta instalación, Enebro Renovables, S.L., supón un importante avance na aposta estratéxica da Xunta de Galicia polo desenvolvemento desta enerxía, así como polo impulso do concurso eólico. Neste sentido, trátase do décimo parque do concurso aprobado no que vai de ano, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondingo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte e Chan do Eixo, e acada un total de 242 MW e un investimento de máis de 337 millóns.

Así mesmo, cómpre salientar que esta nova infraestrutura ten capacidade para superar as 3.800 horas equivalentes de vento anuais, un 52% máis que a media española, que se sitúa en preto de 2.500.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Por este motivo, activou distintas medidas fiscais, técnicas e financeiras consensuadas co sector que dinamizan a posta en marcha de proxectos.



Así, aprobouse a modificación da lei que permite trasladar a constitución do aval do momento da concesión administrativa ao do inicio da construción, o que supón un aforro medio de máis de 23.000 euros anuais por parque; estanse a impulsar as repotenciacións de parques e facilítase a desistencia total ou parcial de MW, sempre que non se altere o resultado do concurso, co obxectivo de que os proxectos viables saian adiante. Así mesmo, cómpre salientar que a través dos plans industriais asociados as empresas adxudicatarias do concurso eólico levan mobilizado 850 millóns e xeraron 1.800 empregos directos, máis da metade dos comprometidos ata 2020.

Dentro desta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa máis de 114 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto suporá unha importante fonte de financiamento para o concello de Ourol, que poderá beneficiarse da recadación obtida do mencionado canon.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN COLABORA NA CAPTACIÓN DO TALENTO DE 5 INVESTIGADORES NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA A TRAVÉS DO PROGRAMA JUAN DE LA CIERVA

- ***O obxectivo é favorecer a carreira profesional de doutores recentemente titulados e reforzar os equipos de investigación aos cales se integran, sen que as universidades teñan que asumir o financiamento complementario***
- ***O departamento educativo da Xunta está a xestionar algo máis de 49,2 millóns de euros, no marco dun modelo de investigación universitaria definido, coherente, planificado e moderno.***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborará na captación do talento de investigadores galegos a través dunha achega complementaria de 56.000 euros para a contratación de 5 doutores recentemente titulados nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), tal e como autorizou hoxe o Consello da Xunta. O obxectivo é favorecer a carreira profesional destes doutores e reforzar os equipos de investigación aos cales se integran, a través do programa 'Juan de la Cierva' convocado polo Ministerio de Economía y Competitividad.

Cómpre lembrar que esta achega se enmarca na decisión tomada polo departamento educativo da Xunta de Galicia en 2012 de, por primeira vez, asumir o cofinanciamento da contratación de investigadores ao abeiro das convocatorias de 2012 dos programas Ramón y Cajal e Juan de la Cierva. Deste xeito, incentívanse as universidades do SUG para que se presenten á convocatoria destes programas, moi competitivos xa que, por primeira vez en España, os centros do SUG que acollen estes investigadores non teñen que aboar o financiamento complementario recollido na convocatoria realizada polo Ministerio de Economía e Competitividade, que ascende ao 10%.

Aposta pola investigación universitaria

Ao asumir este financiamento complementario, o Goberno galego reforza as políticas de incorporación de persoal investigador nas universidades co fin de lograr ratios similares aos países á vangarda en investigación e promove, ademais, a captación externa de talento en marcos abertos e competitivos. Desta forma, continúaase co esforzo para incrementar o número de persoal investigador de excelencia con éxito neste tipo de convocatorias e establécense, ademais, sistemas efectivos de mobilidade no sistema de I+D+i que garantan a oferta de oportunidades a aquelas traxectorias máis sólidas e permitan procesos de desenvolvemento profesional a escala internacional.

De feito, a Consellería de Cultura e Educación está a xestionar algo máis de 49,2 millóns de euros no marco dun modelo de investigación universitaria definido, coherente, planificado e moderno. Así, desde 2009 concedéronse 367 axudas á etapa



predoutoral, 236 á posdoutoral, e contribuíuse á consolidación de 63 investigadores a través de programas como o Parga Pondal ou o Ramón y Cajal.

O obxectivo final é que o SUG dispoña dunha ampla base de talento e despregar unha política que atraia e reteña na ciencia e na empresa galega profesionais competentes e comprometidos en conseguir resultados diferenciais en investigación e innovación que melloren a posición económica, científica e tecnolóxica de Galicia.



GALICIA DESTINARÁ 2 MILLÓNS DE EUROS Á CAMPAÑA CONTRA A GRIPE

- ***Esta iniciativa dará comezo o próximo luns, 20 de outubro***
- ***Sanidade lembra á cidadanía que hai tempo suficiente para vacinarse progresivamente e solicita á poboación que, para evitar a sobrecarga do sistema asistencial, non acuda masivamente os primeiros días da campaña***

A campaña de vacinación fronte á gripe que como cada ano organiza a Consellería de Sanidade iniciarase o próximo luns, 20 de outubro, segundo avanzou a conselleira, Rocío Mosquera Álvarez, aos membros do Consello da Xunta.

Galicia, que adquiriu estas vacinas mediante un acordo marco co Ministerio de Sanidade e outras 13 comunidades autónomas, destinará 2 millóns de euros á campaña.

Sanidade presentará mañá a campaña de vacinación e lembra á cidadanía que hai tempo suficiente para facela progresivamente, polo que solicita á poboación que, para evitar a sobrecarga do sistema asistencial, non acuda masivamente os primeiros días da campaña, xa que non é necesario.

